

■



NURIA TURNES FERREIRO

1º A

Era o día do Samaín e todos os nenos e nenas estaban moi contentos porque esa noite, irían de casa en casa recollendo caramelos, cartos, e poñendo sustos a xente. Pero en especial uns nenos, porque esa noite, que para os outros nenos sería de coller caramelos e poñer sustos, para eles ía ser unha noite de misterio, de emoción e de medo, porque esa noite irían a unha casa, que como dicía unha lenda estaba encantada. Contaba a lenda que nesa casa habitaba unha familia e que a mesma noite do Samaín morreron todos afogados na piscina, e contan que todas as noites do 31 de outubro aparecían na casa para recordar a súa morte, e todas as persoas que estiveran esa noite na casa morrerían igual que eles. Pero Marta, Silvia, Paulo e Xoel estaban dispostos a saber se esa lenda que levaban tantos anos escoitando era certa, e pasarían de todo ata conseguilo porque non estaban dispostos a esperar outro ano máis. Marta tiña moito medo e sempre dicía: E se esperamos outro ano para estar seguros de que podemos ir, e todos lle dicían que non tiña de que preocuparse que non ía estar ninguén na casa.

Pola tarde estiveron pensando de que forma entrarían na casa, xa que as ventás e as portas estaban pechadas e cerradas con chave. Pensaron e pensaron durante varias horas sen ningunha idea ata que por fin Xoel tivo unha idea e dixo:

- Porque non rompemos unha ventá, subimos coa escaleira e metemos a man e abrimola para poder entrar ? Que vos parece rapaces, gústavos a idea ? Ao que Silvia respondeu:
- Si, a min gústame e ademais, así xa estamos no piso de arriba!!!

Entón buscaron unha escaleira, cordas, lanternas e todo o que lles facía falta para esa noite.

Cando só faltaban 3 horas para que chegara a noite, marcharon cada un para a súa casa a preparar as últimas cousas, que lle faltaban.

Esa noite ían ir durmir a casa para saber se era verdade que existían os fantasmas. Pero tiñan que facer que ían buscar caramelos para que seus pais lles deixasen saír da casa.

Cando remataron de preparar todo, xa eran as 9.30, foron cear e disfrazarse para facerlles crer aos seus pais que ían pedir caramelos, cando saíron a rúa sacaron os disfraces e puxéronse en camiño para ir á casa. A casa quedaba no cume da montaña e tiveron que acender as lanternas para poder ver porque cando ao fin chegaron a casa xa eran case as 12 e dicíase que os fantasmas aparecían cando chegaba a media noite.

Cando por fin lograron colocar a escaleira e romper a ventá cunha pedra, o primeiro en subir foi Xoel que era o que máis ganas tiña de saber se en verdade estaba encantada.

Cando lograron entrar na casa, miraron ao seu redor e viron que todo estaba con teas de araña, insectos ... Pero puideron observar que a pesar de ter teas e insectos os mobles estaban como se fosen novos, case sen usar.

Os rapaces pensaron que sería porque morreran ao pouco de comprar a casa. Inspeccionaron a casa e buscaron un lugar onde poñer os sacos de durmir, cando por fin o encontraron, prepararon os sacos e deixaron as mochilas. Baixaron as escaleiras e puideron ver como se movía a porta da saliência de estar que daba ao comedor, de súpeto comezaron a abriose as portas e as ventás, o solo de arriba rechiaba como se alguén estivese a andar por arriba, xuntáronse uns aos outros e miraron ao seu redor para ver se había alguén na casa, estiveron así un bo anaco ata que Xoel marchou e foi ao piso de arriba para ver se había alguén.

Mirou por toda a casa pero os ruídos seguían a escoitarse, e Marta xa estaba a piques de marchar ata que de pronto, cesaron os ruídos. Marta e os demais tranquilizáronse e pensaron que era a súa imaxinación que lles estaba a gastar unha mala pasada.

Subiron para o piso de arriba pero de súpeto escoitouse un ruído que procedía do diván, os rapaces quedaron quietos e en silencio, pero Paulo que pensaba que só era a súa mente, decidiu ir mirar para ver se había algún fantasma, cando chegou ao diván non se atrevía a abrir a porta xa que lle tremían as mans, pero Xoel que estaba seguro de que encontraría ao fantasma abriu a porta moi amodo, cando abriron a porta déronse de conta de que só era o vento. De súpeto cerrouse a porta, comezaron a moverse as cousas por si soas e os rapaces acercáronse a ventá e puideron ver que desde esa ventá daba a piscina, estaban tremendo co medo pero Xoel que estaba disposto a ser o primeiro en coller un fantasma decidiu cerrar a ventá e abrir a porta pero a porta non se abría e Xoel decidiu probar a abrila cunhas chaves que estaban colgadas na parede, de casualidade acertou coa chave e puido abrir a porta.

Cando por fin parou todo decidiron ir durmir, pero cando se deitaron a durmir un ruído que viña de fora púxolles tanto medo que non puideron durmir, de súpeto oíron unha voz que lles dicía:

- Nenos entremetidos, vides a nosa casa e pretendedes durmir nela sen o noso permiso!!!

De súpeto unha saba branca entrou pola porta e os nenos aterrados fuxiron ata a porta de entrada, cando quixeron abrir a porta déronse conta de que estaba cerrada e a única forma de saír da casa era pola ventá que eles mesmos romperan.

Cando deron a volta para subir ao piso de arriba para poder marchar da casa, a saba branca que eles viran estaba xusto detrás deles e todos asustados berraban e dicían : non nos fagas dano, non nos fagas dano !!! Despois de varios segundos así de debaixo da saba apareceron os seus pais, ríndose ata chorar.

Os rapaces decatáronse de que os seus pais eran os únicos fantasmas que había na casa e que só querían darlle unha lección por non facerlles caso e ir de todas formas ata a casa a pesar do que eles lle dixeran.

Cando todos se calmaron os seus pais dixéronlle que eles cando eran novos, tamén foran á casa para saber se era certa a lenda. Os rapaces comprenderon que non sempre hai que facer caso as lendas que só son contos que inventa a xente. E nunca máis volveron a querer saber nada de fantasmas. FIN

Nuria Turnes Ferreiro 1º A